

BASES DO SORTEO DA CAMPAÑA DE NADAL 2021 "BETANZOS ILUMINA O TEU NADAL" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) organiza a Campaña "**BETANZOS ILUMINA O TEU NADAL**" que se desenvolverá entre o 13 e o 31 de decembro de 2021 e que consistirá no sorteo, mediante reparto de rifas, dun total de oito premios entre os clientes dos establecementos asociados á entidade.

Premios

Acebecheques por valor de 1.500 € divididos en oito premios. O primeiro premio será de 500 €. Haberá dous segundos premios de 250 € cada un e cinco terceiros premios de 100€ cada un.

Reparto de boletos

O reparto de boletos efectuarase entre o 13 e o 31 de decembro de 2021 (ambos incluídos) nos comercios e empresas pertencentes á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO. Para que o boleto teña validez é imprescindible que estea **selado** polo establecemento emisor. Ademais é obrigatorio presentar os boletos en perfectas condicións e lexibles. Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra. O boleto está dividido en dúas partes: unha parte da papeleta é para o cliente e a matriz do boleto para o establecemento. As dúas partes teñen impreso o mesmo número, co que participan no sorteo.

As matrices serán recollidas pola organización a partir do 3 de xaneiro de 2022. É responsabilidade do establecemento comercial facilitar a entrega e/ou entregar as matrices á organización para a correcta realización do sorteo. O lugar designado para a entrega das matrices é a sede de ACEBE CCA localizada na Praza Mestre Xosé Dapena 1. Poderán ser entregadas ata o 5 de xaneiro de 2022 (en horario de 10.00 a 14.00 h.) A organización non se responsabiliza de calquera extravío ou perda de matrices por parte do establecemento comercial.

Sorteo

Os premios adxudicaranse mediante un sorteo ante notario que se realizará o **10 de xaneiro de 2022** salvo causa de forza maior. Extraerase de entre o total das matrices recollidas un número gañador por cada un dos oito premios. O resultado do sorteo comunicarse a través do número de xaneiro da publicación "*Betanzos e a súa comarca*" e da páxina web www.comerciodebetanzos.com. Os posuidores dos números premiados deberán poñerse en contacto con ACEBE.CCA a través do número de teléfono 981774574 ou presencialmente na sede de ACEBE CCA localizada na Praza Mestre Xosé Dapena 1 de Betanzos (de luns a venres en horario de 10.00 a 14.00 h) antes do **28 de xaneiro de 2022 ás 14.00 h** e deberán acreditar nese mesmo prazo a posesión do boleto. En caso de non aparecer algún dos boletos premiados antes da data indicada o premio declararase deserto.

Condições xerais do sorteo

A organización establece como prazo máximo para a entrega dos premios o 11 de febreiro de 2022.

A data tope para canxear os acebecheques é o **28 de febreiro de 2022**. O premio obxecto do presente sorteo estará suxeito a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo de ACEBE.CCA.

Os premiados ceden os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionadas coa Campaña de Nadal 20122 de ACEBE.CCA.

En ningún caso unha mesma persoa poderá resultar gañadora máis dunha vez no mesmo sorteo. Tampouco poderá resultar gañadora máis dunha persoa nun mesmo establecemento.

Non poderán participar no sorteo o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados. Non poderán participar en ningún caso os empregados de ACEBE.CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase ós seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Os acebecheques só se poderán canxear nos establecementos asociados a ACEBE CCA. O incumprimento deste requisito pode provocar a devolución íntegra do premio por parte do premiado. O listado de establecementos estará dispoñible a través da páxina web www.comerciodebetanzos.com.

Cada acebecheque deberá ser canxeado íntegramente nunha compra ou consumición de importe igual ou superior ao valor do acebecheque. Se a compra ou consumición fose de importe inferior ao acebecheque non poderá recibir o cambio correspondente, perdendo a diferenza. Non se permite a utilización do acebecheque como medio de disposición de efectivo.

Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web www.comerciodebetanzos.com.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases.